

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal

A presente programación baséase no seguinte corpus legal:

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Neste establécese que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, aos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.
- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.
- Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Instrución 8/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2023/24.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24.

1.2. Contexto educativo

A Escola Oficial de Idiomas de Ourense é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dedicado á ensinanza de idiomas para adultos.

A súa sede central atópase na capital da provincia, a 3ª cidade galega con pouco máis de

104.000 habitantes (un terzo da poboación da provincia, na que viven preto de 315.000

persoas). Está situada na área urbana da cidade, nunha zona que agrupa unha grande cantidade de instalacións educativas, entre elas o campus universitario.

Para satisfacer as necesidades de todo o territorio conta con 6 seccións delegadas asentadas en centros de Educación Secundaria de diferentes poboacións: A Ponte - Ourense (IES Blanco Amor), Celanova (IES Celso Emilio Ferreiro), O Barco de Valdeorras (IES Lauro Olmo), O Carballiño (IES Chamoso Lamas), Ribadavia (IES Abrente), Verín (IES García Barbón).

O centro ten un amplo horario de apertura en período lectivo, de 08.00 a 22.00, ao longo do cal se imparten ensinanzas de Alemán, Chinés, Español para estranxeiros, Francés, Galego, Inglés, Italiano e Portugués, dos niveis básico, intermedio, avanzado C1 e C2, este último só en Galego e Inglés. Ademais, somos sede provincial de *That's English*, programa a distancia e en rede de Inglés.

Así mesmo, a nosa Escola colabora con outras entidades como o CFR, impartindo cursos para o profesorado, e coa Dirección Xeral de Política Lingüística, con cursos de Linguaxe Administrativa Galega e de preparación ás probas oficiais Celga.

A nosa ensinanza está destinada a maiores de 14 anos e non é obrigatoria, a maioría do alumnado asiste por vontade propia. Destaca a súa heteroxeneidade no tocante á ocupación, á formación e á motivación. A franxa maioritaria de idade vai dos 18 aos 50 anos e predominan as mulleres. Contamos tamén cunha pequena porcentaxe de alumnado con necesidades especiais e alumnado estranxeiro. Esta diversidade contribúe ao enriquecemento sociocultural da nosa comunidade escolar e da nosa cidade.

A maioría do noso alumnado compaxina os estudos de idiomas con outras obrigas de carácter formativo, laboral ou familiar, por iso asiste ao centro só durante as sesións de clase e participa menos nas actividades extraescolares. Por outra banda, a non obrigatoriedade dos nosos estudos contribúe a aumentar a motivación e un bo clima de convivencia entre o alumnado.

1.3. Características do departamento

O departamento de Italiano da Escola Oficial de Idiomas de Ourense comezou o seu labor no curso 2004/2005. Na actualidade oferta os niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e o ciclo completo do nivel avanzado: o C1.1 en modalidade semipresencial, e o C1.2, curso final de certificación. Tamén, por primeira vez, ofertamos un curso monográfico do nivel B2.

Ao longo dos cursos fomos fixando alumnado que pasaba das 200 persoas nos primeiros anos e que hoxe conta con perto dun centenar de persoas inscritas nos 4 niveis ofertados. Neste curso contamos con 2 docentes fixas e 3 provisionais, unha delas, docente do departamento de Español Lingua Estranxeira, cun só grupo e as outras dúas, a media xornada.

O noso departamento promociona a lingua e a cultura italianas como vehículo de enriquecemento social en todo o mundo, tanto na escola coma no espazo público de Ourense. Por iso organizamos e fomentamos a participación do alumnado e de todas as persoas interesadas en actividades culturais e sociais de aprendizaxe tanto nas aulas coma fóra delas.

Ademais colaboramos e propoñemos actividades de formación permanente do profesorado que aseguren unha aprendizaxe continúa e unha mellora do labor didáctico.

Na actualidade compartimos o espazo do departamento con Chinés, un dos departamentos máis novos da escola.